Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



# FICHA RESUMO

**PE403A 2009/68-5**

| | |
|---|---|
| **Ano** | 2010 |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS |
| **Plan explotación**(1) | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE LAPA |
| **Réxime** (2) | AUTORIZACIÓNS |
| **Modalidade** (3) | MARISQUEO A PÉ |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Lapa (*Patella sp.*) |
| **Ambito do plan** | Intermareal rochoso entre punta Tragove e Rego do Alcalde |
| **Subzonas de explotación** | |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| 187 | - | - |
| **Ampliación do número de permex** (4) | | **Non** |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| - | - | - |

| **Calendario de explotación** | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 36 | | | | | | | | | | |
| **Época y zona probable de extracción** (5) **:** de xaneiro a agosto, e decembro. | | | | | | | | | | | |
| **Modalidade**(3)**:** a pé | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| X | X | X | X | X | X | X | X | | | | X |

| **Topes de captura** | |
|---|---|
| **Especies** | **A pé (mariscadora/día)** |
| Lapa | 10 kg |

| | |
|---|---|
| **Artes a empregar** | Espátula, coitelo e rasqueta. |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Galpón de Montesaco de San Tomé e lonxa de Tragove |
| **Puntos de venda** | Lonxa de Tragove |

| **Accións a realizar** (7) | **Epocas probables** (8) | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Extracción semente para resembra** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Sementeiras** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |

| **Traslados** | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpezas e arados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Outros** | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións** (9)

**Participantes:** na relación incluída no plan advírtese que: ………….. Polo tanto, o número de permisos en vigor é de 187.

**Obxectivos de produción :**

Os obxectivos de produción son demasiado elevados, polo que a planificación da explotación non é axeitada. Dende a aprobación do plan este recurso non foi explotado, polo que carécese de datos de seguimento das campañas. Por outra banda, tamén se recomenda avaliar o recurso antes da súa explotación, dado que o litoral rochoso do ámbito do plan ten unha distribución irregular e a avaliación presentada só debe tomarse como unha aproximación,

Polo tanto, é necesario que con anterioridade ao inicio da explotación se presente unha avaliación da zona de traballo. Unha vez realizada a avaliación do recurso, deberá seguirse a seguinte medida de xestión para a explotación do recurso:

- A extracción efectuarase mediante quendas dun máximo de 10 mariscadoras/día, cun tope de captura de 10 kg/recolectora/día e durante un número máximo de 36 días. Con cada solicitude de apertura aportarase a relación dun **máximo de 10 mariscadoras/día**, así como os datos de extracción por persoa e zona do período anterior autorizado. Deste xeito realizarase un seguimento pormenorizado da explotación que evite a sobrepesca.

Os traballos de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, contemplados no Decreto 237/2002, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 423/1993, do 17 de decembro, poden ser realizadas polas mariscadoras e mariscadores, e desenvolverse todos os días do ano. Polo tanto, non procede solicitar a autorización ao departamento territorial para a realización desta labores, tal e como contempla o plan de explotación no apartado da organización da vixilancia.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

De manterse a tendencia de inactividade deste plan de explotación (leva 3 anos aprobado sen que se rexistre actividade algunha) e de seguir sen realizarse avaliación biolóxica, a viabilidade da explotación quedaría comprometida para o seguinte plan que se presente.

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- División do ámbito do plan en sectores (mínimo de 3) e explotación mediante rotación de zonas.
- Detallar a organización do punto de control.
- Revisar, modificar e aprobar o regulamento de réxime interno da agrupación
- Indicar o plan financeiro